



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Nº 39 / 2019

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DE MARIÑÁN PARA ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN DE 30 NENOS E 5 MONITORES

Na Coruña, a 16 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, dá Excm. Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das resolucións da presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

Doutra parte Don Xosé Luís García Carballido, presidente da Fundación Eduardo Pondal.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñecense mutua capacidade para obrigarse e

EXPOÑEN

I. Que a Deputación provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto fomentar a igualdade de oportunidades para todas as familias do medio rural.

II. Que a Deputación provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto a estancia na Coruña de 30 nenos e os 5 monitores de tempo libre participantes neste encontro durante o período comprendido entre o 15 e o 17 de abril de 2019 para a realización de actividades.

III. Que a Deputación provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal están interesados en facer uso das instalacións que a Deputación provincial da Coruña para o aloxamento e manutención dos participantes.

Que sendo a solicitude formulada para o aloxamento e manutención no Centro Calvo Sotelo, e dada a imposibilidade de aloxamento no mesmo centro, a Deputación, en aras de prestar este servizo de interese público, aloxará aos participantes e prestará manutención no Pazo de Mariñán.

IV. Que a Deputación considera de interese provincial a realización desta actividade.

V. Vista a Resolución de presidencia nº 11331 do 28 de marzo de 2019 pola que se autoriza a reserva de instalacións do Pazo de Mariñán, para unas actividades no campo da Innovación e a Investigación organizada pola Fundación Eduardo Pondal e que terá lugar do 15 ao 17 de abril de 2019.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal para a utilización do

Pazo de Mariñán por parte dos participantes neste encontro, coa finalidade de fomentar a igualdade de oportunidades para todas as familias do medio rural.

Segunda.- Actuacións de colaboración.

1. A Excm. Deputación da Coruña facilitará aloxamento e manutención gratuítos nas instalacións do Pazo de Mariñán aos 30 nenos e 5 monitores de tempo libre.

2. A Deputación colaborará coa Fundación Eduardo Pondal para facilitar o acceso ás instalacións.

Terceira.- Achegas

3.1.- A Deputación provincial da Coruña aloxará gratuitamente no Pazo de Mariñán e proporcionará a manutención aos 30 nenos e 5 monitores de tempo libre, desde o día 15 ao 17 de abril de 2019.

A Fundación Eduardo Pondal seleccionará aos 30 nenos participantes, e encargarse de proporcionar os 5 monitores de tempo libre que coordinarán as actividades.

A Fundación Eduardo Pondal, como peticionario, farase responsable de calquera dano ocasionado polo mal uso das instalacións e como consecuencia das actividades obxecto de cesión. Así mesmo a Fundación manifesta que os gastos que se produzan con este motivo serán asumidos pola mesma.

A Fundación Eduardo Pondal deberá subscribir un seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubra a todos os participantes das posibles eventualidades que se puidesen producir durante a súa estancia no Centro, debendo presentar a póliza correspondente con anterioridade á entrada.

3.2.- ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación achega:

- a) As instalacións do Pazo de Mariñán, concedéndose a autorización para a estancia, que de conformidade coa ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán ascendería a 3.225,86 euros, segundo a seguinte desagregación:

Nº habitacións	Nº persoas	Importe por habitación e persoa	Nº de noites	Total
17	2	41,45 € (habitación dobre, precio por persoa)	2	2.818,6 €
1	1	57 € (habitación dobre uso individual)	2	114,00 €
TOTAL				2.932,6 €
TOTAL CON 10 % DE IVA				3.225,86 €

- b) A manutención no Centro Calvo Sotelo, que de conformidade coas valoracións realizadas en convenios anteriores ascende a 4.173,4 €, segundo a seguinte desagregación:

Luns	Martes	Mércores	Total
35 comidas x 20,75 € € = 726,25 €	35 comidas x 20,75 € € = 726,25 €	35 comidas x 20,75 € € = 726,25 €	2.178,75 €
35 meriendas x 1,55 € = 54,25 €	35 meriendas x 1,55 € = 54,25 €	35 meriendas x 1,55 € = 54,25 €	162,75 €
35 cenas x 20,75 € = 726,25 €	35 cenas x 20,75 € = 726,25 €		1.452,50 €
TOTAL			3.794,00 €
TOTAL CON 10 % DE IVA			4.173,4 €

- c) A Fundación Eduardo Pondal seleccionará aos participantes, e encargarse da realización das actividades.

A Deputación achegará en especie o aloxamento das citadas persoas, así como a manutención, quedando os servizos do seguinte modo:

- a) Aloxamento e almorzo: as noites dos días 15 e 16 (que inclúe os servizos de lavandería).
 b) Comidas: un total de tres, os días 15, 16 e 17.
 c) Merendas: un total de tres, os días 15, 16 e 17.
 d) Ceas: un total de dous, os días 15 e 16.

3.3.- A Fundación Eduardo Pondal fará constar nas actividades a colaboración da Deputación.

Cuarta.- Difusión do convenio.

A subscripción do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades e a Excm. Deputación provincial da Coruña, de tal modo que non se poderá esixir a esta, ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Quinta.- Vixencia e modificación.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o 15 ao 17 de abril de 2019, ambos os dous incluídos.

Sexta.- Resolución do convenio.

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento das prestacións e obrigacións establecidas nas cláusulas do convenio.
 b) Mutuo acordo das partes.

Sétima.- Natureza do convenio.

1.O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, aplicaráselle os principios recolleitos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

2.A xurisdicción contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº de de abril de 2019.

Leído o presente convenio, atópano conforme e asínano por cuadruplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados ao comezo.

O PRESIDENTE, P.D.

O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo.: Xesús M. Soto Vivero

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL

Asdo.Xosé Luis García Carballido